



RESOLUCIÓN do 15 de febreiro de 2018, da xefatura territorial da Consellería do Mar na Coruña, pola que se convoca o proceso selectivo para o acceso ao permiso de explotación, **modalidade percebe a pé**, para o exercicio da actividade extractiva na confraría de pescadores de O Pindo.

• **Antecedentes.**

1. A Orde de 22 de decembro de 2017 aproba os plans de xestión para recursos específicos en Galicia para o ano 2018 (DOG Núm. 249, de 29 de decembro de 2017), e de conformidade co expediente de aprobación do plan de xestión de percebe a pé da confraría de pescadores de O Pindo, respecto á cobertura das vacantes indicábase:

*"Cobertura de vacantes: Atendendo á solicitude incluída neste plan apróbase a cobertura das prazas que queden vacantes no proceso de renovación para o ano 2018 ou das que se poidan producir durante a vixencia do plan. Na actualidade o número de permisos renovados para o 2018 é de 8, máis 6 pendentes de outorgamento, quedando unha praza por cubrir ata acadar a cifra máxima de 15 permisos".*

De acordo co proceso de renovación de permisos de explotación a pé para o ano 2018 nesta confraría, o número de persoas percebeiras autorizadas foi de 14, por tanto é 1 a praza por cubrir.

2. O 8 de xaneiro de 2018 entrou no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia, a través do Rexistro do concello de Muros, escrito da confraría de pescadores de O Pindo solicitando a cobertura das prazas concedidas ata acadar a cifra máxima dos 15 permisos aprobada no plan de xestión.

3. O 7 de febreiro de 2018 esta xefatura territorial remitiu proposta á confraría de pescadores de O Pindo para proceder ao outorgamento do (1) permiso de explotación comentado. Nesta comunicación outorgábaselles un prazo de tres (3) días hábiles para que presentasen as observacións que considerasen oportunas. Transcorrido o dito prazo non se recibiu resposta por parte da entidade.

• **Consideracións legais e técnicas.**

1. A Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, determina na Sección 1ª do Capítulo II, o procedemento para a obtención do permiso de explotación a pé para recursos específicos, entre os que figura o percebe.

2. Todas as solicitudes que cumpran os requisitos sinalados nesta resolución serán valoradas de acordo co baremo aprobado pola Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para obter o permiso de explotación a pé para recursos específicos e que figura como anexo B desta resolución.

3. Esta xefatura territorial é o órgano competente para o outorgamento dos permisos de explotación de conformidade co establecido no Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira, modificado polo Decreto 114/2007, de 31 de maio, e polo Decreto 48/2013, do 7 de marzo.

<b>COFRADIA DE PESCADORES</b>	
DE <b>O P I N D O</b>	
<b>ENTRADA</b>	<b>S A I D A</b>
N.º _____	N.º _____
Data <u>15/02/18</u>	Data _____





De acordo con todo o anterior, e co disposto na disposición transitoria primeira do Decreto 245/2009, do 30 de abril (DOG nº 84, do 1 de maio de 2009), polo que se regulan as delegacións territoriais da Xunta de Galicia, e no Decreto 177/2016 (DOG nº 239, do 16 de decembro de 2016), polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, esta xefatura territorial no exercicio das súas competencias,

### RESOLVO:

Convocar proceso selectivo para a obtención dun (1) permiso de explotación, modalidade de percebe a pé, para o exercicio da actividade extractiva no ámbito do plan de xestión de percebe da confraría de pescadores de O Pindo, con suxeición ás bases da convocatoria recollidas no anexo A.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Conselleira do Mar no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, de acordo co establecido establecido nos artigos 30, 121 e 122 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A Coruña, 15 de febreiro de 2018  
O xefe territorial

Juan Carlos Barreiro González

